

traballo digno na nosa terra
mobilizate contra a precariedade



**traballo digno
na nosa terra**

**mobilizate contra
a precariedade**


Confederación Intersindical Galega
www.galizacig.com

traballo digno na nosa terra

Desde a Confederación Intersindical Galega (CIG) imos facer durante todo este ano 2004 unha campaña continuada de denuncia, alternativas e mobilización, en contra de dous dos problemas máis graves que temos hoxe a clase traballadora galega. Estámonos a referir ao desemprego e á precariedade que están a acadar os niveis máis altos da nosa historia recente.

O desemprego

Representa hoxe ao 12,2% da poboación activa, tres puntos por riba da media do Estado, afectando de forma máis dura á mocidade e ao colectivo de mulleres. Outro colectivo que está a medrar e o de parados de longa duración, os que levan máis de 1 ano no paro. A taxa de desemprego inda sería máis alta se non emigrasen miles de galegos/as todos os anos.

A precariedade

Os contratos temporais afectan hoxe ao 35% das traballadoras e traballadores asalariados, catro puntos por riba da media do Estado. A pesar de que nos últimos anos o PP se dedicou a investir centos de millóns de euros (570 millóns de € nos cinco últimos anos) en subvencionar e bonificar a contratación indefinida, o certo é que a contratación temporal aumentou, ao tempo que se incrementaron tamén os beneficios empresariais. Ao igual do que ocorre co desemprego, a eventualidade no traballo afecta de forma máis directa a mocidade e as mulleres en xeral.

Como consecuencia dos altos índices de desemprego e da temporalidade, atopámonos con toda unha problemática laboral, económica e social que poderíamos concretar en:

- Xornadas de traballo abusivas.
- Salarios baixos. (Un 40% menos de salario entre temporais e fixos).
- Altos niveis de accidentes laborais.
- Inestabilidade no posto de traballo e falta de perspectiva de futuro.
- Individualismo e insolidariedade.
- Baixos índices de natalidade.
- Dificultades para exercer os dereitos sindicais.
- Dificultades para cobrar unha pensión digna no futuro.

mobilizate contra a precariedade

Desde o poder, desde o Goberno, desde a patronal, non nos van chegar solucións, pois eles son os primeiros interesados en manter esta situación para tirar beneficios dela. Eles defenden este modelo de mercado laboral, de relacións laborais e de sociedade.

Desde a CIG propomos as seguintes reivindicacións e alternativas:

- Salario social para todos/as os/as parados/as maiores de 21 anos, igual ao SMI.
- Eliminación das ETTs e das axencias privadas de colocación.
- Supresión das horas extras.
- Penalización da contratación temporal.
- Reducir a contratación temporal as estreitas marxes da causalidade.
- Posta en marcha de medidas eficaces que favorezcan a conciliación da vida laboral e familiar.
- Exixir das Administracións Públicas a eliminación da precariedade no seu ámbito.
- Maior e mellor actuación das Inspeccións de Traballo na persecución do fraude nas contratacións.

Todas estas medidas terían que ir acompañadas doutras que potenciasen a creación de emprego, como por exemplo :

- Defensa e potenciación por parte da Xunta de Galiza dos nosos sectores productivos básicos, garantido o peche dos ciclos produtivos. Eliminación das limitacións impostas pola Unión Europea.
- Adicar, por parte da Xunta de Galiza, a investimentos reais, como mínimo, unha cantidade equivalente ao 5% do PIB galego.
- Mellora das infraestruturas de todo tipo.
- Potenciación dos servizos sociais básicos.
- Redución da xornada laboral ás 35 horas semanais.
- Incremento do investimento en I+D+I.

Ante este panorama tan preocupante para a clase traballadora, témonos que mobilizar. Só coa nosa organización, coa nosa presión e coa nosa loita podemos rematar co desemprego e a precariedade laboral.